

ORDENANZA FISCAL Nº 8, REGULADORA DA TAXA SOBRE BASCULAS MUNICIPAIS.

NATUREZA E OBXECTO.

Artigo 1º.

De conformidade co establecido no art. 20 da Lei de Facendas Locais, establécese a taxa polo servizo de peso de reses, mercancías ou calquer outro produto nas básculas municipais.

OBRIGA DE CONTRIBUIR

Artigo 2º.

A taxa será satisfeita, previamente á realización do servizo, contra o ticket que expedirá o encargado da báscula e está obrigado a satisfacelo toda persoa que faga o requirimento deste servizo.

TIPOS DE GRAVAMEN

Artigo 3º.

As taxas de aplicación polo servizo serán as contidas na seguinte tarefa:

a) Por cada pesada, sen distinción de clase de gando ou mercancía..... 0,90 €

b) Si tal pesada fora realizada a domicilio por requirimento do solicitante..... 6,01 €

NORMAS ADMINISTRATIVAS

Artigo 4º.

Pola Administración de Rendas levarase o rexistro de expedición de tickets; e rexistro de solicitudes e adeudos de pesadas a domicilio, e, en cada local de báscula, haberá un rexistro de pesadas no que, autorizado polo Administrador e o Interventor de Fondos, constará de: número de orde, hora, día, mes e ano da operación de pesada; clase de res, nome do dono, peso da res e firma do Axente que a realizou.

Artigo 5º.

En todo o non previsto nesta Ordenanza estarase ó disposto nos artigos 20 e seguintes da Lei de Facendas Locais.

VIXENCIA

Artigo 6º.

Esta Ordenanza que foi aprobada polo Pleno da Corporación municipal en sesión do día da data, entrará en vigor o día 1º de xaneiro de 1990 e rexerá en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

En Mondoñedo a trinta de outubro de mil novecentos oitenta e nove.